

Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica
A Coruña.
Tfno 98 1183969 / fax 98 1212804
e-mail: cigcoruna-telef@terra.es

BOLETIN SINDICAL

XANEIRO 2002

Sucedeu cando Jesucristo andaba polo mundo....



Nin Deus pode axudar a quen non se axuda a si mesmo. A primeira axuda, a túa loita polos teus dereitos.

Vimos de “disfrutar” nos últimos anos da bonanza do ciclo económico que se caracterizou polos constantes e espectaculares incrementos dos beneficios empresariais, máis tamén foi característica deste periodo a perda importante dos dereitos dos traballadores: no económico (salários), no laboral (xornada, duración dos contratos, precariedade, incremento de accidentes, etc.).

En Telefónica tamén estamos a verlle o rabo a raposa e como elemento máis destacado do contraste entre hai uns anos e a perspectiva actual poderíamos citar a evolución da valoración que os traballadores tiñamos antes e temos agora do concepto do contrato indefinido.

Curiosamente o periodo no que os traballadores perdemos máis dereitos coincide co periodo de maior acumulación de riqueza para uns cantos, poucos, aristócratas financeiros. Pero tamén debemos resaltar que coincide con outra realidade cal é a desmobilización dos traballadores e a concertación coa patronal da maioría sindical auspiciada polos últimos gobernos do Estado. (anos 95, 97 e 2001) pola que se producen reformas importantes do Estatuto dos traballadores e na Lei da Seguridade Social, especialmente no apdo. de pensións: aumento dos anos cotizados para o cálculo, etc.)

Agora que o ciclo económico inicia a súa fase de desinflado, os traballadores non podemos esperar por parte da gran patronal e do actual goberno, que a representa, outra cousa que políticas aínda máis agresivas contra o conxunto dos nosos intereses. Van ter a xustificación de que pasaron de gañar X a gañar menos e que a única solución pasará por REDUCIR: plantillas, salários, custes laborais, etc.

É dicir, cando as cousas lles foron ben, os traballadores non obtivemos beneficio, máis incluso, perdemos dereitos, unha vez que as cousas cambian para peor, volveremos a ser os traballadores os perxudicados.

Ante o pasado inmediato, o presente e o futuro que se aveciña os traballadores deberiamos estar fortemente unidos e en alerta constante para combater as agresións os nosos dereitos e tamén para realizar novas conquistas (moitas delas sobre o papel desde hai xa demasiados anos sin ningún avance práctico, como por exemplo a redución da xornada a 35 horas, pero sobre todo evitar que onde teñen 40 reguladas non fagan 52 ou máis, na maioría dos casos sin cobralas).

Desde a perspectiva da CIG necesariamente faise preciso respostar coa mobilización ante os recortes de dereitos e coa toma de conciencia de que non é igual quen governe. Os votos dos traballadores non deberían servir nunca para que gobernasen os representantes dos empresarios máis poderosos e con menos escrúpulos e sentimentos ante as necesidades e as circunstancias dos seus empregados.

As relacións laborais son un riguroso equilibrio entre o poder do capital e o poder da clase traballadora. Cando unha das partes perde capacidade de combate, a outra resurxe e medra á costa do que a primeira perde. Sobre esta realidade é sobre a que o noso sindicato basea a súa maneira de proceder. Outros, e máis últimamente, prefiren negociar os recortes dos seus representados e conformanse con converterse no sindicato favorito dos distintos empresarios, exercendo de controladores dos seus afiliados e do conxunto dos cadros de persoal nas empresas en que están presentes.

CANDO CHE PIDAN CARTOS, MOITO COIDADADO QUE LOGO PODE CUSTAR RECUPERALOS A IMPRESENTABLE ACTITUDE DUNHA ASISTENTA SOCIAL.

Un traballador solicita e percibe a cantidade que lle corresponde da Empresa Colaboradora por unha prestación para un beneficiario que, cando xerou o gasto estaba incluído na súa cartilla da Seguridade Social.

Un día recibe unha chamada da Asistente Social, solicítáballe ó traballador o reintegro da prestación por considerala indebidamente percibida, pois cando o traballador a solicitou o beneficiario xa non estaba na súa cartilla ó terse dado de alta no réxime de autónomos da Seguridade Social.

Rapidamente ingresa, na conta que lle indica, mediante transferencia bancaria a cantidade solicitada.

Non queda nada convencido da lei do funil aplicada pola Asistente que mantíña que:

Facendo o gasto estando como beneficiario, non importaba a data da factura do gasto senón a data da solicitude da prestación.

Pero se o gasto se fai cando non se está incluído como beneficiario e a solicitude cando si se está incluído, entón tampouco vale a data da solicitude.

Consulta o tema e comproba que a Asistente Social non ten razón, poñéndoo en coñecemento de representantes dos traballadores na Comisión Provincial da Empresa Colaboradora.

Cando volve a recibir a chamada da Asistente Social é para pedirlle desculpas por estar equivocada; pero para seguir mantendo o seu nivel de incoherencia, tamén lle di que agora non ten maneira de recuperar os cartos. ¡¡Vaia morro!!

Por suposto, eso non pode quedar así e o compañeiro ten que recuperar os cartos que son seus

COA SAÚDE NON SE XOGA

“Tanto a Compañía como os empregados que exerzan funcións de mando, calquera que sexa a natureza e importancia destas, deberán preocuparse moi especialmente de canto concirne á seguridade e hixiene no traballo, á limpeza dos centros e lugares onde este se preste e á adecuada instalación dos mecanismos propios para que se realice nas mellores condicións de ventilación, temperatura, etc.” Esto non é unha opinión, senón a transcripción literal do artigo 221 da Normativa Laboral.


Na CT de Hércules hai un serio problema co ar acondicionado, que está a provocar diversos problemas ás traballadoras alí ubicadas, toses, afonías, larinxites,... que conducen ás conseguintes baixas laborais, así como a tratamentos a través de Otorrinos e Logopedas.

O Servizo Médico, lonxe de intentar solucionar o problema, o que intenta é ocultalo achacando as baixas a infeccións non relacionadas co ar e incitando ás traballadoras afectadas a que pidan a alta médica ó seu médico de familia para volver ó seu posto de traballo para adicarse teoricamente en exclusiva a tramitar. A realidade en moitos casos resulta ser outra, pois nun centro onde o que importa son os obxectivos, pronto aparecen as presións que fan moi difícil o mantemento dese status de “alta condicionada”.

Evidentemente non se quere ir ó fondo do asunto, que é a revisión e posta en condicións do sistema de ar acondicionado, especialmente nun centro de traballo cun grupo moi numeroso de traballadoras e que ademais teñen como ferramenta fundamental do seu traballo a súa voz.

SEGUROS DE VEHÍCULOS:

Tódalas asociacións de defensa do asegurado coinciden en que a maioría dos conductores descoñecen os seus dereitos e non fan emprego deles. Por exemplo, esquecen que non hai ningunha obriga de aceptar como definitiva a primeira valoración que nos fai a aseguradora sobor dos danos nun accidente. Se a aseguradora nos ofrece unha compensación que coidamos insuficiente, endexamais asinémolo “finiquito”. Posteriormente, e denantes de emprender accións maiores, aconsellase recorrer á Dirección Xeral de Seguros. Se a diferenza entre o que nos ofrece a compañía e o que coidamos xusto nunha reclamación é superior ás 150.000 pesetas, merece a pena ir a xuízo. Ademais, a maioría das pólizas inclúen a defensa xurídica. Incluso nesa letra cativa que descoñecen moitos asegurados, recoñecese o dereito a contratalo noso propio avogado, e que sexa a aseguradora a que corra cos gastos



SEIS ESPAÑOIS ENTRE OS MAÍS RICOS DO MUNDO:

Excluídas as familias reais, segundo a revista Forbes, que publica a lista cada ano, e na que Bill Gates, fundador de Microsoft, repite como o mais rico con 60.000 millóns de dólares. Os 470 que aparecen na lista teñen unha fortuna superior ós 1.000 millóns de dólares (uns 175.000 millóns de pesetas). Os españois que figuran son os irmáns Juan e Carlos March (1.600 millóns de dólares), Emilio Botín e familia (1.400), Rafael del Pino, presidente de Ferrovial (1.300); Gabriel Escarrer, presidente de Sol-Melía, que aparece por primeira vez, (1.300), e Alicia Koplowitz (1.000). a súa irmá Esther atribúenlle 800 millóns, pero déixana fora da lista (¡que magoa!). no podio mundial, en segundo lugar aparece Lawrence Ellison, de Oracle, con 47.000 millóns, e en terceiro, Paul Allen, outro fundador de Microsoft, con 28.000.

Cada un deles cun patrimonio persoal moi superior ó PIB de moitos estados.

AVISO IMPORTANTE

SEGURO COLECTIVO

Todos os traballadores que non estean adscritos ó Seguro Colectivo de Risco, teñen de prazo para solicitalo ata finais de marzo de 2002, segundo acordo da Comisión de Interpretación e Vixilancia en liña co acordado no Convenio. Así mesmo, aqueles traballadores que estean incluídos na escala simple poderán cambiar á escala dobre no mesmo prazo.

O Seguro Colectivo de Risco cobre as continxencias de morte e invalidez permanente absoluta.

As primas son aboadas pola empresa e o seu cargo, se ben o traballador debe correr cos gastos fiscais (IRPF).

As prestacións consisten en 4 anualidades máis outra cantidade igual se a continxencia cuberta ten orixe nun accidente (laboral ou non). Esta cantidade verase reducida, se é o caso, polo importe do dereito consolidado no plano de pensións sen incluír as aportacións voluntarias e o seu rendemento.

RESIGNARSE SEMPRE É NEGATIVO, FACER ALGO SEMPRE DA RESULTADO.

SUPRESIÓN/MODIFICACIÓN DE QUENDAS EN OPERACIONES

DEFINITIVAMENTE TIÑAMOS RAZÓN.

O Tribunal Supremo confirmou a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestimando o recurso de casación interposto por Telefónica de España SAU.

Alegando que non había cartos, en xuño do 2000 a empresa decide eliminar nuns casos e noutros reducir as xornadas partidas, tardes, gardas de Operacións sen aceptar negociar cos representantes dos traballadores como lle foi solicitado repetidamente, nin respectar os prazos legais de comunicación para unha modificación substancial das condicións de traballo como era a que a empresa executou.

Fronte a esa postura intransixente da empresa, nun momento como este de retroceso continuo e perda de dereitos dos traballadores, non podiamos deixarnos levar pola corrente actual e cederlle na práctica dereitos que aínda non nos arrincaron.

Así, nós mantivemos unha postura negociadora en todo momento, porque pensamos que a mellor solución era a negociada, pero tamén unha postura firme de non deixarnos asoballar. Os limitados prazos legais para demandar fixeron que fora a Xustiza quen por fin tivera que actuar.

Pola contra a empresa mantivo ata o último momento, por activa e por pasiva, unha postura de prepotencia, inflexible, de non negociar, de pasar por riba de leis e normas aplicando uns artigos da Normativa Laboral que non viñan a conto, de recorrer a sentenza do TSXG e a posterior orde de execución.

Quedan só dous obxectivos por acadar:

O económico: A empresa violou o dereito dos traballadores cun móbil económico declarado, aforrar, reducir gastos..., pois ben, os traballadores deben poder resarcirse do prexuízo económico que se lles ocasionou para compensar o prexuízo producido e para que á empresa non lle saia gratis e o pense a próxima vez antes de saltarse de maneira tan flagrante os dereitos dos traballadores. Polo tanto deben ir adiante as demandas de cantidades presentadas, e esperemos que así sexa.

O didáctico: Este é un exemplo máis de que de nada vale ter dereitos no papel, se na práctica, cada traballador, non toma conciencia deles e se está disposto a poñer os medios necesarios para defendelos cando son agredidos. Os dereitos están para exercelos e á empresa non sempre lle sae ben facer o que lle peta, polo tanto cada vez que se lle consinte está a gañar un terreo que cada vez será menos doado reconquistar.

A mobilización, a presión, a denuncia... son armas lexítimas que **todos os traballadores** temos que utilizar **cada día** para neutralizar a presión, cada vez maior, que o empresario exerce tamén cada día sobre os nosos dereitos.

---0000---

OS REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES TAMÉN TEÑEN QUE LOITAR POLOS SEUS DEREITOS

O Estatuto dos Traballadores establece, entre as garantías para os membros do Comité de empresa e Delegados de persoal que non poderán ser discriminados económica ou profesionalmente en razón do desempeño da súa representación. A Lei Orgánica de liberdade sindical, outórgalle as mesmas garantías ós Delegados Sindicais que non sexan membros do Comité.

Esto ven significar, entre outras cousas, que os representantes deben desenvolver as súas funcións sen que lles supoña merma algunha nas súas retribucións (salarios, "pluses", primas ou incentivos...) e como se desempeñaran as súas funcións en situación de actividade.

A pesares deso, ven sendo "normal" que a empresa "pase" e o traballador/a que ten como función a defensa dos intereses colectivos dos compañeiros, teña que acudir ós tribunais para defende-los seus propios.

Este é o caso da delegada de CIG en Lugo que ven de gañar en sentenza definitiva, non recorrible de 23 de Novembro de 2001 as máis de 50.000 ptas (uns 340 euros) que Telefónica se negaba a pagarlle por incentivos deixados de percibir polo tempo de dedicación á actividade sindical.

A defensa dos dereitos dos demais, non debe facer esquecer a dos propios. Sobre todo cando, como sucede nalgúns casos estes poden afectar directamente ós resultados dun grupo ou centro.

PARO CONTRA A SEGREGACIÓN

O pasado 20 de decembro 54 traballadores de Telefónica na Coruña realizamos un paro, simbólico, en contra da política de segregación de actividades que afectan a varias áreas de Telefónica S.A.U. e que representa unha importante carga de profundidade contra o emprego e a calidade do mesmo para os traballadores de Telefónica, tanto das áreas afectadas, como do resto, pois con esta política non só se perde actividade, senón que se destrutura a empresa.

Desde a CIG valoramos positivamente que houbo un significativo colectivo de traballadores que sendo conscientes dos perniciosos efectos desta política empresarial para o futuro de todos nós, o tiveran tan claro como para obviar as recomendacións e mesmo as mentiras vertidas por outras organizacións sindicais co obxecto de minimizar a participación.

Loxicamente, non estamos plenamente satisfeitos porque nos houbo gustado unha participación masiva, e que ninguén se agarrara as mensaxes rastreiras que se deron entre os traballadores de que este paro non servía para nada e que ademais era por uns compañeiros que nunca participaban nos paros. Lamentamos tamén, como non, que existan traballadores nesta empresa sometidos a presión e vixilancia sindical nuns casos porque se consideran debedores por privilexios recibidos e noutras por falla de coraxe para romper con unha denigrante submisión. É un error pensar que teremos mellor futuro se somos "buenos" e tragamos con todo.

Nós non fomos os únicos que pensamos na comenencia dun paro contra as segregacións, pois tamén se convocou outro en Biscaia, o día 27 de decembro, aprobado polo Comité, aínda que os sindicatos que aquí se opuxeron, alí o apoiaron. Despois, na práctica, tamén se dedicaron máis a desconvocalo que outra cousa.

Esto non fai máis que acabar de empezar e queremos facer un chamamento a todos os traballadores a que reflexionen sobre cal é o mellor camiño para afrontar esta nova etapa na que a empresa ten por obxectivo mellorar os seus resultados a costa dos nosos salarios e das nosas condicións laborais.

Para a CIG a nosa forza reside na unión e mobilización do cadro de persoal e por suposto pensamos que aínda que os cambios que se están a producir poidan ter que ver co proceso de Globalización, isto non quita que teñamos que combater os efectos negativos desta, ou acaso alguén pensa que combater a globalización na súa faceta negativa é tarefa dos extraterrestres?

As consecuencias económicas da paz

John Maynard Keynes, sen dúbida un dos economistas máis lúcidos do século XX, foi agregado temporalmente ó tesouro británico durante a 1ª Guerra Mundial, enviado a Francia como representante do seu país para participar nos preparativos previos do tratado de Versalles. Keynes mostrouse en desacordo co que se pretendía facer, porque pensaba que o importante non era esixir reparacións ós alemáns, senón reconstruír a economía europea. Dimitiu o 7 de xuño de 1919 e decidiu dar a coñecer os seus puntos de vista no libro titulado *As consecuencias económicas da Paz*, onde advertía das ameazas que se cernían sobre Europa de non modificarse o tratado de Versalles que puña fin a 1ª Guerra Mundial.

Por desgracia ninguén fixo caso, e as consecuencias foron devastadoras para Europa dando orixe a 2ª Guerra Mundial. Reproducimos a continuación tres fragmentos do citado libro.

“O perigo que nos acosa, por tanto, é o descenso rápido do nivel de vida das poboacións europeas, hasta chegar a significar para algunhas a fame (punto o que xa se chegou en Rusia e pronto se chegará en Austria). Pero os homes non sempre morrerán con tranquilidade. Porque a fame, que leva a algúns ó letargo e a desesperanza inerte, leva a outros temperamentos a inquietude nerviosa do histerismo e a desesperación tola. E estes, na súa miseria, poden acabar de trastornar os restos da organización e fundir a civilización toda nos seus intentos desesperados para satisfacer as necesidades apremiantes do individuo”.

(extracto da páx. 148)

“Se nós aspiramos deliberadamente o empobrecemento de Europa Central, a vinganza, non dubido en predicilo, non tardará. Non haberá nada, entón, que poida atrasar moito tempo esa guerra civil, última, entre forzas da reacción e as convulsións desesperadas da revolución, ante cuíos horrores serán insignificantes os da última guerra alemana, e que destruírá, sexa quen queira o vencedor, a civilización e o progreso da nosa xeración”.

(extracto da páx. 174)

“Se nos opoñemos en detalle a tódolos medios polos cales Alemania ou Rusia podan recuperar o seu benestar social, porque sentimos un odio nacional, de raza ou político contra seus habitantes ou seus gobernantes, debemos estar preparados para facer fronte as consecuencias de tales sentimentos,.....”

(extracto da páx 190)

-As consecuencias Económicas da Paz

John Maynard Keynes. Editorial Crítica (Grupo Ed. Grijalbo. Barcelona)

A xulgar pola política levada a cabo por George Bush (pai) no Irak, debemos pensar que non leu este libro. George Bush (fillo) tampouco, vista a súa política no Afganistán. ¿Será cousa de familia?.

En fin, non parecen ser os únicos que non o leron. ¡Qué mágoa!

Tan preocupados que andan tódolos dirixentes occidentais para que a xente se conecte a Internet, e os libros sendo pasto das “polillas”. ¿Qué será o que lles preocupa a cultura ou o negocio?

A primeira edición publicouse en decembro de 1919, se non a leron non sería por falla de tempo, digo eu.

Se cres que os nosos intereses, os de todos os traballadores, necesitan ser defendidos permanentemente, únete a nós e farás da CIG en Telefónica unha organización máis forte e con máis capacidade para evitar os atropelos e os abusos.

AFÍLIATE A CIG, POLO TEU INTERESE.

BOLETÍN DE AFILIACIÓN

Nome e apelidos _____, Matricula _____

Categoría _____, Unidade de traballo _____; Localidade _____

- Domiciliación das cotas por banco
 Domiciliación das cotas por nómina.

E.mail: cigcoruna-telef@terra.es